

## 1. Esquema

### 1. Expansión do libro electrónico

#### 1.1.Regalo estrela nas festas do Nadal

### 2 . Posibilidade da substitución do libro tradicional polo libro electrónico

#### 2.1. Como prexudica aos lectores galegos a falta de literatura electrónica na nosa lingua.

### 3. Importancia de crear un fondo literario electrónico en galego.

## 2. Significados:

**Copar:** conseguir ocupar varios postos ou lugares

**Cota:** altura ou nivel que algo ou alguén pode alcanzar

**Fornada:** conxunto de persoas que se atopan nas mesmas circunstancias nun momento determinado.

**Lastre:** carga ou peso que nos impide avanzar e da que nos vemos obrigados a desfacermos.

**Feixe:** conxunto de cousas materiais ou inmateriais.

## 3. Exposición

Dende a paixón que se poida sentir polas novas tecnoloxías que, hai que recoñecelo, nos facilitan tanto acceso ao coñecemento, un non pode deixar de recoñecer que ao libro electrónico quédalle moito que mellorar. O principal problema quizais sexa o problema da autonomía. Só tres ou catro horas de duración de batería son moi pouco se pensamos en ocasións para ler tranquilamente como poden ser a praia, unha viaxe en tren, unha viaxe en bus....¿De que nos serve levar un cento de libros na memoria se a batería non nos vai permitir deles de seguido? Tendo en conta a experiencia dos portátiles, cargar a batería levará o seu tempo, e se temos que depender dunha instalación eléctrica.....

Por outra banda está o encanto de ter o libro nas mans. De pasar as follas, de sentir o seu arrecendo a novo ou a vello, de dobrar algunha esquina por falta dun punto de lectura, o feito de coleccionar estes últimos....

Non se pode negar a vantaxe de poder levar 100 ou máis libros no mesmo espazo que ocuparía un, iso está claro. Pero o pracer de ir ás librerías a mercar os libros, pasar o tempo ollando os estantes, lendo sinopses ou admirarnos da xenialidade dunha portada...iso nunca poderá substituílo o libro electrónico. Aínda que se chegase o momento, acostumaríamonos, coma sempre sucede.

## 4. Valores dos se:

liña 1: conxunción

liña 2: pasiva reflexa

liña 7: marcador de intransitividade

líña 10: pasiva reflexa

líña 11: marcador de intransitividade

5. Responde:

a) Un anglicismo é un termo que se xeneraliza desde a lingua inglesa a outras linguas e é usado sen traducir. Un neoloxismo é unha palabra de nova formación, xa que define un obxecto de nova creación tamén.

b) Libro electrónico e lector electrónico

c) ***mouse, compact disc, diskette, CPU (central process unit)***

### 1. Sinala a estrutura do texto:

Atendendo ao tema do texto, que é unha descrición dun cabalo poderíámolo dividir en tres partes:

- a) Os dous primeiros parágrafos coinciden cunha descrición física do cabalo, unha prosopografía.
- b) O terceiro parágrafo, pola contra, trátase dunha etopea é dicir, unha descrición psicolóxica do seu carácter.
- c) As dúas últimas liñas tratarían de ser un pequeno resumo do que foi a biografía dese cabalo.

### 2. Indica de maneira xustificada.....:

O punto de vista do autor é claramente irónico e humorístico, xa que atribúe ao cabalo características psicolóxicas humanas e utiliza a súa perfección para parodiar os defectos ou lastres tipicamente humanos.

### 3. Elabora un breve relatorio:

Hai anos os equinos eran ferramentas imprescindibles na maioría das casas do rural. Antes de que a mecanización dos labores domésticos se estendera, en case todas as casas había un cabalo ou ega, ou un mulo ou mula, ou un burriño ou burriña que axudaban a arar, a transportar (tamén persoas), a sementar...

A medida que se foron facilitando as cousas para os humanos, algún destes animais foi caendo en desgraza. Ata tal punto que os burros chegaron a estar en perigo de extinción ou foron abandonados (viven case trinta anos e a pesares de ser un animal que non causa a penas gasto, non todo o mundo está polo labor de darlles boa vida....)

No caso dos cabalos, temos aqueles que son criados para deportes como a hípica, sempre de alto nivel económico (que non todo o mundo se pode permitir) e temos o caso recente da recuperación de razas autóctonas, como os de Pura Raza Galega, que resultan moito máis económicos e máis sinxelos de ter e criar por ser propios destas terras.

Son moitas as feiras que se organizan para que a xente coñeza e admire estes fermosos animais, e para comezar a recuperar certos usos ecolóxicos que puideran ter, como desbrozar os nosos montes ou fincas, como medidas preventivas contra o lume.

Abertas ou pechadas:

### 4. Abertas ou pechadas

órganos: aberta

perfecto: aberta

asceta: pechada

méritos: aberta

abondo: pechada

besta: aberta

5. Identifica as dúas seguintes construcións sintácticas e responde:

a) a primeira é unha construción **comparativa de superioridade**. Sí se podería usar o nexa **ca....**Este último só sería obrigatorio ante un pronome. No resto dos casos é indiferente.

b) a segunda é unha construción **comparativa de igualdade**. Sí poderíamos usar o nexa **como...**Este último só sería obrigatorio diante dun verbo e **coma** é obrigatorio diante dun pronome. No resto dos casos é indiferente.